

ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE GALICIA DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO (CEGASAL)

Memoria económica 2021

○ ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN

1.1. Natureza

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL) nace en 1997 coa misión de cumprimentar os obxectivos e finalidades dos Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro como fórmula do emprego protexido para as persoas con discapacidade de Galicia dándolle visibilidade institucional, social e profesional a estas figuras creadas pola LISMI no ano 1982.

Trátase dunha entidade privada sen ánimo de lucro con base legal na Lei 19/1977, de 1 de abril, reguladora do Dereito de Asociación Sindical; e o abeiro da Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social das Persoas con Discapacidade, así como a suxeición aos seus Estatutos Sociais.

O seu promotor foi a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) e os seus plantexamentos tamén son asumidos e defendidos pola Federación de Asociacións de Xordos do País Galego, (FAXPG), e a Federación de Asociacións en favor das persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia, (FADEMGA).

A actividade de CEGASAL dende os seus inicios centrouse na necesidade de diferenciar a realidade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro dos que si tiñan este carácter lucrativo, como a mellor opción para conseguir a inserción socio laboral das persoas con discapacidade máis severas, mellorando a súa empregabilidade e outorgándolle as posibilidades de inserción na empresa ordinaria. Tiveron que pasar 20 anos para que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), recoñecera por primeira vez esta figura, limitando a reserva aos que califica como Centros Especiais de Emprego de <<iniciativa social>>.

Dende a súa posición, pretende obter a forza necesaria para equilibrar as relacións laborais nos centros especiais de emprego negociando convenios colectivos axustados cos sindicatos, políticas de emprego coa Administración Pública, acordos empresariais con diferentes sectores económicos e preparación de modificacións legislativas, así como a detección de novas actividades e iniciativas sobre todo no ámbito rural co fin de mellorar a situación laboral das persoas con discapacidade e contribuír á creación de riqueza sostible e solidaria.

CEGASAL é unha entidade sen ánimo de lucro e figura inscrita nos rexistro único de Entidades prestadoras de servizos sociais.

O seu domicilio social, está localizado en rúa Modesto Brocos, nº 7 Baixos, Santiago de Compostela.

○ **Actividades realizadas**

Durante o ano 2021 a actividade e as accións realizadas responderon ás necesidades de actuación da entidade para dar cumprimento aos obxectivos que se definen a continuación, establecidos dende as liñas de dirección da organización:

- INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Nas nosas oficinas, ofrecemos apoio ás iniciativas empresariais, así como desenvolvemos a actividade administrativa e técnica da entidade, facilitando asesoramento sobre axudas, lexislación, proxectos e atención de consultas. Accións concretas que desenvolvemos neste ámbito son:

- Informar e asesorar de xeito integral as persoas, entidades, centros especiais de emprego asociados e outros axentes que contactaron con Cegasal
- Mellorar a interrelación dos centros especiais de emprego asociados e o resto de axentes da contorna.
- Contribuír á proxección e posta en valor do sector da Economía Social na opinión pública, tanto a nivel social, empresarial como institucional, entre outros, a través dos medios de comunicación.
- Visibilizar e potenciar cadeas de valor responsable cos centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo.
- Promover a responsabilidade social empresarial (creación da Rede Cegasal Inclúe)
- Fomentar a contratación de persoas con discapacidade, tanto no mercado protexido como na empresa ordinaria
- Realizar tarefas de representación institucional, diálogo social e potenciar a interlocución con axentes colaboradores.
- Promover a implementación da Axenda para o Emprego: Apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos, como axente colaborador da mesma.
- Promover a implementación da Estratexia Galega de Discapacidade 2019-2021: Apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos, como axente colaborador da mesma.
- Mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade e facilitar o seu

acceso ao mercado laboral.

- Potenciar a relación e coordinación con redes que perseguen obxectivos semellantes, en distintos ámbitos.
- Asesoramento sobre os distintos aspectos da pandemia: normativa, prevención de riscos, axudas...

- FORMACIÓN

Para dar resposta ás necesidades do sector na área de formación, organízanse accións específicas teórico-prácticas con metodoloxías adecuadas a cada grupo e contando cos mellores colaboradores.

Destaca o proxecto formativo SEMENTANDO ILUSIONS, programa de formación para o emprego de persoas con trastorno mental e/ou depresión no sector da xardinería. Foi unha iniciativa que desenvolvemos en colaboración con tres CEEis socios: Dixardin, Emprego Social e Erit Itinera no que participaron 9 persoas con discapacidade durante 2 meses.

- COLABORACIÓN EMPRESARIAL

Mediante a materialización de acordos ou actividades que melloran a competitividade dos centros especiais de emprego asociados, adoptamos distintos tipos de cooperación segundo o obxectivo económico ou social a alcanzar.

En 2021 firmamos dous novos convenios de colaboración con Galega de Economía Social e con Caixabank.

PROXECTOS DE IMPACTO SOCIAL

Dende CEGASAL impulsamos proxectos en colaboración con entidades públicas e privadas para favorecer as condicións sociolaborais das persoas con discapacidade en Galicia.

- OUTRAS ACTIVIDADES

1. Participación en grupos de traballo de organismos públicos. En concreto en:
 - Consello Galego de Acción Voluntaria.
 - Rede Eusumo.
 - Consello Galego de Benestar Social.
 - Consello Galego de Relacións Laborais.
 - Consello da Economía Social de Galicia.
 - Comisión de seguimento de reservas de contratos.
2. Entrega dos Premios CEGASAL á Mellor Información sobre Economía Social, sempre centrada nos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro que conforman a asociación. En 2021 as persoas premiadas foron Santiago Riveiro (Correo Gallego) e Jaime Luis López Calviño (La Opinión)
3. A realización dunha mostra fotográfica que conta con 27 imaxes para dar unha

maior visibilidade ao traballo cotián das persoas con discapacidade nos CEEIs. Esta mostra estivo exposta na Autoridade Portuaria de Vigo.

4. Rolda institucional: Durante este ano foron varias as xuntanzas integradas nesta rolda institucional, solicitouse xuntanza con todas as administracións galegas e expúxose o plan de actividades da entidade, así como ás peticións concretas do sector e se deu visibilización do mercado protexido naquelas nas Cegasal foi recibido. Por outra banda, buscouse entre as administracións aliados para o cumprimento da nova Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, na que finalmente se recolle a diferenza entre centros especiais con e de iniciativa social e emprendemento colectivo (teima de CEGASAL dende os seus inicios). Con motivo da xuntanza, documentación que foi entregada así como a guía de empresas que elabora Cegasal coa relación de centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo asociados, a fin de potenciar a contratación reservada a este tipo de iniciativas empresariais.

5. Participación nas actividades promovidas polo ForoEsgal, como entidade membro.

- ACTIVIDADES PROMOCIONAIS

I. Campaña de comunicación

Contratouse unha campaña de comunicación para Cegasal ao longo do ano para dar maior visibilidade da organización e incidencia na opinión pública sobre o emprego das persoas con discapacidade, a economía social, a responsabilidade social empresarial, os centros especiais de emprego entre outras. Dita campaña que contribúe e complementa as tarefas de difusión que se realizan a nivel xeral pola organización, denominouse "Asesoramento en Comunicación para a promoción de centros especiais de emprego", e foi concertada coa profesional Mar Bermúdez Pérez. Colexiada número 0779 del Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, que conta coa experiencia e traxectoria necesarias para garantir a maior eficacia.

A campaña buscaba o relanzamento e posicionamento estratéxicos nas materias propias como é o sector dos centros especiais de emprego de iniciativa social, o emprego das persoas con discapacidade, a economía social ou a responsabilidade social empresarial entre outras.

Incorporou durante os meses nos que estivo vixente os seguintes servizos: notas de prensa, entrevistas, reportaxes, roldas de prensa, atención personalizada aos medios, clipping dixital de medios, reforzo promocional en redes sociais e web, coordinación con gabinetes de comunicación e análise do impacto da actividade realizada.

II. Servizos profesionais de fotografía

Como complemento ás accións de visibilización no programa de promoción de centros especiais de emprego, concertamos con profesionais especializados a realización de reportaxes fotográficos para cubrir os eventos principais de Cegasal, así como cubrir as demandas de imaxe dos distintos centros asociados e dotalos de recursos gráficos, tanto para Cegasal como para os propios centros especiais de emprego para que poidan reutilizalos noutros formatos.

Cegasal utilizará estas imaxes a fin de conseguir maior impacto nas súas actividades, dar maior difusión e visibilizar aos centros asociados, e utilizará os mesmos nas ferramentas que poña a súa disposición, principalmente na páxina web e redes sociais, presentacións públicas, powerpoint internos, guía de empresas e noutros materiais que dispuxo adquirir.

Ditos servizos foron concertados co profesional Diego Silva Gómez, que conta cos coñecementos, habilidades e sensibilidade cara o mundo da discapacidade axeitados ás esixencias de Cegasal, evitando mensaxes paternalistas, asistencialistas e promovendo imaxes en positivo.

a).- REDE CEGASAL INCLÚE

A REDE CEGASAL INCLÚE é un punto de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade atópanse entre os seus grupos de interese, é dicir, manteñen un compromiso con este colectivo na súa xestión, ben como empregadores e/ou compradores, provedores de produtos e servizos,...

A REDE CEGASAL INCLÚE nace para dar a coñecer boas prácticas e fomentar unha nova cultura empresarial inclusiva que entende a diversidade como un activo xerador de valor social e económico. A REDE CEGASAL INCLÚE pretende visibilizar a empresas e entidades referentes en Galicia, responsables e comprometidas coa igualdade de oportunidades, que co seu bo facer contribúen ao cambio social e á participación das persoas con discapacidade no noso territorio. Durante o 2021, tres novos empresarios uníronse o espazo de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade se encontran entre os seus grupos de interese creado por CEGASAL no 2018.

b).- GUÍA DE REPORTE NON FINANCEIRO

Esta guía mostrou a importancia de integrar a discapacidade no contexto da sostibilidade, facilitar a comprensión dos diferentes estándares en materia de medición de impacto social e de reporting, achegar indicadores de impacto social vinculados á discapacidade para poder incluílos nos informes de impacto non financeiro dos CEE, servir de folla de ruta para elaborar memorias de sostibilidade e axudar a romper a barreira de comunicación entre as organizacións de mercado e as iniciativas sociais sen ánimo de lucro, a través da construción dunha linguaxe común baseada en termos de sostibilidade e

reporting

2.- BASES DE PRESENTACIÓN DE CONTAS ANUAIS

2.1. Imaxe fiel do patrimonio

a) Imaxe fiel

As contas anuais do exercicio 2021 de CEGASAL foron elaboradas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2021, e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade para PEMES a Resolución do ICAC de 26 de marzo de 2013 o resto de disposicións legais vixentes en materia contable. Amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

O artigo 2.1 do Real Decreto 1515/2007 establece que poderán aplicar este Plan Xeral de Contabilidade de PEMES todas as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, individual ou societaria, que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, alo menos dúas das circunstancias seguintes:

- ❖ Que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros. A estes efectos entenderase por total activo o total que figura no modelo de balance.
- ❖ Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros.
- ❖ Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio económico non sexa superior a 50.

Xa que a entidade cumpre coas tres condicións establecidas, utilizará os modelos abreviados para a presentación das súas contas anuais.

b) Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable.

A entidade non aplica principios contables non obrigatorios.

c) Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel.

CEGASAL non aporta información complementaria adicional necesaria relativa á imaxe fiel do patrimonio.

2.2. Principios contables non obrigatorios

Aplícanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de

Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos, nin aplicar outros alternativos.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

a) CEGASAL non aplicou ningún cambio nas súas estimacións contables derivadas de aspectos críticos de valoración.

b) A entidade segue, en todo momento, o principio de empresa en funcionamento. Os criterios de valoración dos seus activos, pasivos e patrimonio réxense de acordo a este principio. A estimación de incerteza por parte da Entidade non excede dos parámetros considerados de normalidade no campo no que opera.

2.4. Comparación da información

A entidade non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior.

2.5. Elementos recollidos en varias partidas

As contas anuais da CEGASAL non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias.

2.6. Cambios en criterios contables

Non houbo cambios nos criterios contables.

2.7. Corrección de erros

O importe das correccións realizadas no exercicio 2021 por erros correspondentes a exercicios pasados ascenderon a 00,00 euros netos (1.056,80 euros netos no exercicio 2020).

3.- EXCEDENTE DO EXERCICIO

3.1. Análise das principais partidas que forman o excedente do exercicio

O excedente do exercicio ascende a 3.087,52 euros, e procede da actividade habitual da entidade.

3.2. Información sobre a proposta de aplicación contable do excedente do exercicio

A Xunta Directiva propondrá a aprobación da distribución de resultados do exercicio finalizado o 31 de decembro de 2020 que se indica na seguinte forma:

	2.021
<u>BASE DO REPARTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Excedente do exercicio	3.087,52
Remanente	
Reservas voluntarias	
Outras reservas de libre disposición	
<u>TOTAL.....</u>	<u>3.087,52</u>
<u>APLICACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
A fondo social	
A reservas especiais	
A reservas voluntarias	
A compensación de excedentes negativos de exercicio anteriores	3.087,52
<u>TOTAL.....</u>	<u>3.087,52</u>

O resultado positivo de 2020, por importe de 6.474,01€ destinouse a compensación de resultados negativos de exercicios anteriores.

3.3. Información sobre as limitacións para a aplicación dos excedentes de acordo coas disposicións legais

Non hai limitacións para a aplicación dos excedentes proposta no apartado 3.2.

4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

4.1. Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible recóllese no Balance cando é probable, a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendemento económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou doutros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1). Ademais cumpre có criterio de:

- Identificabilidade: O inmobilizado cumprirá algún dos requisitos seguintes:
 - a. Sexa separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
 - b. Xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas.

A amortización do inmobilizado intanxible faise segundo as Táboas de amortización aprobadas no Real Decreto 1777/2004 de 30 de xullo.

A Entidade non posúe inmovilizado intanxible.

4.2. Inmovilizado material

O inmovilizado material recoñécese no Balance cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para entidade nun futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1). Preséntase ao custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmovilizado, recoñécense coma gastos no exercicio no que se producen.

Durante o exercicio económico a entidade adquiriu equipamento informático para a sede de CEGASAL.

As porcentaxes de amortización aplicadas foron as seguintes:

Inmovilizado material	% depreciación
Mobiliario	10%
Equipos para procesos de información	25%

4.3. Terreos e construcións como investimentos inmobiliarios

CEGASAL non posúe terreos e construcións incluídas nesta partida.

4.4. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

A entidade non ten bens integrantes do Patrimonio Histórico.

4.5. Permutas.

Durante este exercicio non existiron permutas

4.6. Créditos e débitos pola actividade propia

Todos os créditos e débitos que aparecen no balance son a curto prazo, tendo previsto o seu pago ou cobro no próximo exercicio económico.

4.7. Activos e pasivos financeiros

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

Activos financeiros:

Valóranse segundo a seguinte clasificación:

- *Activos financeiros mantidos para negociar*: inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.

- *Activos financeiros a custo amortizado*: inclúense nesta categoría aqueles créditos orixinados polo tráfico habitual da actividade así como aqueles activos financeiros que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial e cuxos cobros son de contía determinado ou determinable. Valóranse inicialmente á custo e nas valoracións seguintes valóranse a custo amortizado. Ao fin do exercicio analízase se resulta preciso practicar deterioro de valor sobre os mesmos.

- *Activos financeiros a custo*: inclúense as inversións en patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas así como os demais instrumentos de patrimonio salvo que sexan clasificados como Activos financeiros mantidos para negociar. Ao menos a fin do exercicio efectúase a corrección valorativa precisa se hai evidencia de que o seu valor é inferior ao contabilizado.

Pasivos financeiros:

Valóranse segundo a seguinte clasificación:

- *Pasivos financeiros a custo amortizado*: compostos por débitos por operacións de orixe comercial e débitos por operacións non comerciais, distintos de instrumentos derivados. Valóranse inicialmente polo custo equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida e posteriormente valóranse polo custo amortizado.

- *Pasivos financeiros mantidos para negociar*: son os instrumentos financeiros derivados e valóranse cos mesmos criterios que os Activos financeiros mantidos para negociar.

4.8.- Existencias

CEGASAL a 31/12/2021 non posúe existencias en almacén.

4.9.- Transaccións en moeda estranxeira

Durante o exercicio económico 2021 non se produciron transaccións en moeda estranxeira.

4.10.- Imposto sobre beneficios

Durante o exercicio económico 2021 as fontes de ingresos de CEGASAL consistiron fundamentalmente en subvencións, cotas das entidades asociadas, e ingresos por promocións, patrocinios e colaboracións empresariais.

Ao ser CEGASAL unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.3 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas.

4.11.- Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido. Os gastos de formación si os houbera se rexistran no momento do seu compromiso.

4.12.- Provisións e continxencias

Non existen provisións e continxencias durante o exercicio 2021.

4.13.- Subvencións, doazóns e legados

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse, con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e recoñeceranse na conta de resultados como ingresos sobre unha base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiran o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando cumpran as condicións polas que foron concedidas e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

c).- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.

d).- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.

e).- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.

f).- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se recoñece.

4.14.- Negocios conxuntos

No ano 2021 non se levan acabo este tipo de negocios.

4.15.- Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas

Cegasal durante o exercicio 2021 realiza transaccións entre partes vinculadas que serán recollidas no punto 16 desta memoria, utilizando o criterio de prezo de mercado para o seu rexistro e contabilización.

5.- INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

O movemento que houbo durante o exercicio 2021, así como no exercicio anterior, nas contas incluídas neste epígrafe e as súas correspondentes amortizacións son as seguintes:

	Mobiliario	Equipos Proceso Información	TOTAIS
Saldo inicial bruto ejercicio 2020	309,76	2.008,59	2.318,35
Altas do exercicio		906,89	906,89
Saídas do exercicio			0,00
Saldo final bruto exercicio 2020	309,76	2.915,48	3.225,24
Amortización acumulada inicio 2020	107,94	509,44	617,38
Dotación amortización 2020	31,00	560,55	591,55
Diminuções, saídas, baixas, u traspasos			0,00
Amortización acum. final 2020	138,94	1.069,99	1.208,93
Saldo final neto exercicio 2020	170,82	1.845,49	2.016,31
Saldo inicial bruto exercicio 2021	309,76	2.915,48	3.225,24
Altas do exercicio			0,00
Saídas do exercicio		504,99	504,99
Saldo final bruto exercicio 2021	309,76	2.410,49	2.720,25
Amortización acumulada inicio 2021	138,94	1.069,99	1.208,93
Dotación amortización 2021	30,98	611,98	642,96
Diminuções, saídas, baixas, u traspasos		301,96	301,96
Amortización acum. final 2021	169,92	1.380,01	1.549,93
Saldo final neto exercicio 2021	139,84	1.030,48	1.170,32

6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen saldos dentro das partidas de balance incluídas dentro deste epígrafe.

7. USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA

As cotas de socios/afiliados e outros debedores da actividade propia contabilízanse aplicando o principio de devengo independentemente do momento do cobro das mesmas. A partida de usuarios/afiliados recolle as cotas dos afiliados.

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Usuarios	0,00			0,00
Patrocinadores	13.526,04	42.049,80	25.018,20	30.557,64
Afiliados e outros debedores		4.950,00	4.950,00	0,00
TOTAIS	13.526,04	46.999,80	29.968,20	30.557,64

8. BENEFICIARIOS-ACREDORES

Non existen partidas recollidas no epígrafe C.IV do pasivo de balance "Beneficiarios-Acredores" .

9. ACTIVOS FINANCEIROS

Clases Categ.	Instrumentos financeiros a largo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTALS
	Instrumentos de patrimonio	Créditos	Instrumentos de patrimonio	Créditos	
EXERCICIO 2021					
Préstamos e partidas a cobrar:				71.187,22	71.187,22
TOTALES:	0,00	0,00	0,00	71.187,22	71.187,22
EXERCICIO 2020					
Préstamos e partidas a cobrar:				40.504,54	40.504,54
TOTALES:	0,00	0,00	0,00	40.504,54	40.504,54

9.1. Desagregación de categorías de activos financeiros

Activos financeiros a curto prazo:

** Activos a custe amortizado Préstamos e partidas a cobrar:*

Concepto	Saldo 2021	Saldo 2020
Debedores por subvencións correntes (de actividades) a cobrar	62.277,43	23.827,34
Debedores entidades vinculadas	4.263,60	10.593,75
Usuarios afiliados e outros patrocinadores	4.586,04	6.026,04
Periodificacións a curto prazo	60,15	57,41
Totais	71.187,22	40.504,54

O detalle dos debedores por subvencións é como sigue:

Debedores por subvencións correntes	Saldo 2021	Saldo 2020
Consellería Economía e Emprego FSE	8.927,96	8.999,52
Consellería Economía e Emprego Eusumo	16.500,00	4.300,00
Igape Obradoiros 4.0	8.475,00	
Asociación Inserta Innovación	21.708,00	0,00
Consellería Economía e Emprego CEE	6.666,47	10.527,82
Total Debedores Subvencións Correntes	62.277,43	23.827,34

9.2. Activos valorados polo seu valor razoable

A entidade non emprega este tipo de valoración para os seus activos financeiros.

9.3. Empresas do grupo, multigrupo e asociadas

Cegasal non forma parte de ningún grupo de empresas, multigrupo ou asociadas. Sen embargo, as operacións vinculadas por mor das operacións de compras/ventas con socios e asociados serán reflexadas no punto 16 desta memoria.

10. PASIVOS FINANCEIROS

10.1. Desagregación de categorías de pasivos financeiros

Clases	Instrumentos financeiros a longo prazo			Instrumentos financeiros a curto prazo			TOTALS
	<i>Débedas con entidades de crédito</i>	<i>Débedas l/p transf en subvs.</i>	<i>Outros acreedores e contas a pagar a l/p</i>	<i>Débedas con entidades de crédito</i>	<i>Débedas c/p transf en subvs.</i>	<i>Outros acreedores e contas a pagar</i>	
EXERCICIO ACTUAL: 2021							
Débitos e partidas a pagar				13.653,71	29.887,18	17.857,28	61.398,17
EXERCICIO ANTERIOR: 2020							
Débitos e partidas a pagar				3.598,78	11.893,75	19.172,44	34.664,97

En función da súa esixibilidade clasifícanse en:

- Longo prazo: Non existen partidas a longo prazo
- Curto prazo: desglosando á súa vez en:

a).- *Débedas con entidades de crédito:*

O anterior detalle de débedas a C/P recolle o saldo en decembro das seguintes partidas:

Concepto	2.021	2.020	Límite concedido	Vencemento
Póliza de crédito Triodos	13.431,39	3.602,08	15.000,00	Decembro 2022
Tarxeta Mastercard	203,62	0,00	1.200,00	Xaneiro 2023
Telepeaxe Banco Sabadell	18,70	-3,30		
Totais	13.653,71	3.598,78		

b).- *Débedas transformables en subvencións:* o detalle é o seguinte:

Débedas transformables en subvencións	2.021	2.020
Subvención Caixabank	2.590,19	0,00
Subvención Rede Eusumo	12.496,16	4.300,00
Subvención Inserta Innovación	14.800,83	0,00
Subvención Organismos Intermedios	0,00	7.593,75
Totais	29.887,18	11.893,75

c).- *Outros acredores e contas a pagar:* o detalle é o seguinte:

Concepto	2.021	2.020
Conta corrente con administradores	493,55	355,87
Proveedores vinculados	0,00	5.060,47
Acredores prestación servizos vinculados	3.671,82	0,00
Acredores prestación servizos	13.680,00	13.756,10
Débedas co Persoal	11,91	
Totais	17.857,28	19.172,44

11. FONDOS PROPIOS

O Fondo Social está representado pola aportación fundacional da Entidade incrementado polas entregas posteriores e a acumulación de resultados positivos ou negativos que se produciron en anos anteriores.

A conta de Reservas contén a conta de Reservas por adaptación ao Plan Xeral Contable de 2007 e recolle aqueles gastos e ingresos de exercicios anteriores ao 2021 que foron rexistrados ao longo deste ano.

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Fondo social	14.325,92	0,00	0,00	14.325,92
Reservas deriv. correcc. erros de ex. anteriores	10.750,45	0,00	0,00	10.750,45
Remanente	0,00		0,00	0,00
Resultado negat. exercicios anteriores	-11.126,97	6.474,01	0,00	-4.652,96
Resultado exercicio	6.474,01	3.087,52	6.474,01	3.087,52
Total Fondo propios.....	20.423,41	9.561,53	6.474,01	23.510,93

12. SITUACIÓN FISCAL

12.1. Imposto sobre beneficios

CEGASAL desenvolve principalmente actividades non lucrativas, estando parcialmente exenta do imposto de sociedades (art. 9.3 texto refundido Lei Imposto Sociedades).

- a).- *Diferenzas temporarias*: A entidade non procedeu a rexistrar diferenzas temporarias relativas ao imposto do exercicio 2021.
- b).- *Antigüidade de créditos fiscais*: No exercicio 2021 non realizou compensacións de bases impositivas negativas; dado o resultado contable obtido.
- c).- *Incentivos fiscais*: A Entidade non recibe incentivos fiscais.
- d).- *Provisións e contingencias posteriores ao peche*: Non existen provisións nin contingencias de carácter fiscal para feitos posteriores ao peche do exercicio 2021.
- e).- *Circunstancias de carácter substantivo*: Non existen circunstancias deste tipo para o exercicio 2021.

Durante o ano 2021 NON realizou actividades económicas gravadas polo imposto de sociedades.

12.2. Outros tributos

Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), as actividades desenvolvidas pola Entidade están exentas do Imposto del Valor Engadido (IVE) polo que todas as cotas soportadas por este imposto nas adquisicións, en xeral, constitúen un custeo adicional das mesmas.

Non existen circunstancias significativas con respecto ao resto de tributos durante o exercicio 2020.

O detalle dos saldos pendentes de pago a final de ano coas administracións publicas é como sigue, en canto ao saldo debedor:

Concepto	2.021	2.020
Facenda Pública Debedora por IVE	81,24	81,24
Facenda Pública Debedora por Imposto Sociedades	869,52	0,00
TOTAIS	950,76	81,24

En canto aos saldos acreedores :

Concepto	2.021	2.020
Facenda Pública acreedora por ret.practicadas	1.269,92	1.652,08
Facenda Pública acreedora por imp. sociedades	0,00	1.780,83
Organismos da Seguridade Social Acreedores	1.541,44	1.527,14
TOTAIS	2.811,36	4.960,05

13. INGRESOS E GASTOS

13.1. Desagregación da partida 3) Gastos por axudas e outros

Esta partida recolle os gastos de dietas do órgano de goberno, así como o reintegro da subvencións.

Partida	Ano 2021 Importe €	Ano 2020 Importe €
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas Monetarias	3.436,00	0,00
c) Gastos por colaboración e do órgano de goberno	4.019,21	2.521,66
d) Reintegro subvencións		
Total axudas monetarias	7.455,21	2.521,66

13.2. Desagregación da partida 6) Aprovisionamentos

Partida	Ano 2021 Importe €	Ano 2020 Importe €
Aprovisionamentos		
Compras de bens destinados a actividade	0,00	13.680,00
Material cursos e talleres e material diverso	988,10	0,00
Traballos realizados outras empresas	14.950,00	4.182,21
Total Aprovisionamentos	15.938,10	17.862,21

13.3. Desagregación da partida 8) Gastos de persoal

Partida	Ano 2021 Importe €	Ano 2020 Importe €
Soldos e salarios		
Soldos e salarios	40.099,12	28.929,37
Soldos e salarios extras	6.683,19	4.562,94
Indemnizacións	491,87	57,29
Cargas sociais		
Seguridade Social entidade	14.975,85	10.626,68
Gastos formación persoal	0,00	0,00
Total Gastos persoal	62.250,03	44.176,28

13.4. Desagregación da partida 9) Outros gastos de explotación

Partida	Ano 2021 Importe €	Ano 2020 Importe €
Servizos exteriores		
Alugueres e canons	3.143,75	4.626,07
Servizos de profesionais independentes	18.430,91	44.826,54
Transportes	0,00	2.247,04
Prima seguros	610,85	624,05
Servizos bancarios e similares	181,96	229,92
Publicidade, propaganda e RRPP	6.141,34	16.006,76
Gastos Exposicións, Actos e Congresos	1.894,38	1.895,72
Gastos material oficina	347,93	0,00
Mensaxería e Correos	254,35	5,80
Telefonía móbil	496,71	506,58
Suscripcións e cotas	7.742,47	8.802,47
Dietas e desprazamentos	181,29	409,21
Peaxes autopista e parking	865,65	404,28
Prevenção de riscos	180,51	315,79
Manutención Rede Cegasal	766,28	2.680,88
Gastos Varios	50,50	348,12
Tributos		
Outros tributos e taxas	23,24	0,00
Total Outros gastos explotación.....	41.312,12	83.929,23

13.5. Desagregación da partida 1 a) Aportacións de socios/afiliados e c) Ingresos de colaboradores e patrocinadores.

Os ingresos de socios/ afiliados correspóndense coas cotas anuais por afiliación.

Os ingresos de patrocinadores proveñen de doazóns de empresas, un particular e unha sociedade cooperativa de crédito.

Partida	Ano 2021 Importe €	Ano 2020 Importe €
Ingresos da entidade por activ.propia		
a) Cotas de socios/afiliados	4.950,00	4.650,00
c) Ingresos de promocións, patrocinadores...	14.803,80	52.330,29
d) Subvención, doazóns e legados imputad.ao rtdo	111.102,67	103.343,34
Total Ingresos da actividade propia	130.856,47	160.323,63

14. SUBVENCIONES, DOAZONS E LEGADOS

Durante o exercicio 2021 CEGASAL recibiu subvencions para actividades, todas elas non reintegrables.

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Subvencions de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
Doazóns e legados de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
Outras subvencions e doazóns	0,00	94.359,19	94.359,19	0,00
TOTAIS	0,00	94.359,19	94.359,19	0,00

14.1. Subvencions de capital

Durante o exercicio 2021 CEGASAL non recibiu ningunha subvención de capital.

14.2. Subvencions e doazóns para actividades e outras

As seguintes subvencions non reintegrables foron concedidas co obxecto de financiar gastos específicos ou para asegurar unha rendibilidade mínima. As ditas subvencions traspasáronse ao resultado do exercicio cando se produciu o gasto que están a financiar.

Execución e saldos das subvencións e doazóns do ano 2021

SUBVENCIONES	Concedido	Executado		Por executar a 31/12/21	Regularizaciones	Total cobrado a 31/12/21	Saldo Pendiente de cobro
		Antes 1/1/21	Ano en curso				
Subv. Cons. Economía-CEE 2020-2021	34.477,61 €	10.527,82 €	23.949,79 €	0,00 €		34.477,61 €	0,00 €
Subv. Cons. Economía-CEE 2021-2022 parte 2021 pte recibir	6.666,47 €		6.666,47 €	0,00 €		0,00 €	6.666,47 €
Subv. Cons. Economía - Axentes emprego 2020-2021	26.855,40 €	8.999,52 €	17.855,88 €	0,00 €		26.855,40 €	0,00 €
Subvenc. Inserta Innovación	21.708,00 €		6.907,17 €	14.800,83 €			21.708,00 €
Subv. Cons. Economía-Axentes emprego 2021-2022 Pendiente recibir	8.927,96 €		8.927,96 €	0,00 €		0,00 €	8.927,96 €
Subv. Cons. Economía-Rede Eusumo 2021-2022	22.500,00 €		10.003,84 €	12.496,16 €		6.860,00 €	15.640,00 €
Subv. Cons. Economía-Rede Eusumo 2020-2021	28.868,60 €	24.568,60 €	4.300,00 €	0,00 €		28.008,60 €	860,00 €
Subv. Cons. Economía-Organismos Intermedios	13.500,00 €	5.906,25 €	7.593,75 €	0,00 €		13.500,00 €	0,00 €
Subvención Igape Obradoiros 4.0	16.950,00 €		16.950,00 €	0,00 €		8.475,00 €	8.475,00 €
Doazóns persoas físicas	1.500,00 €		1.500,00 €				
Doazóns empresas	3.500,00 €		3.500,00 €				
Doazón Caixabank	5.538,00 €		2.947,81 €	2.590,19 €		5.538,00 €	0,00 €
TOTAL	190.992,04 €	50.002,19 €	111.102,67 €	29.887,18 €	0,00 €	123.714,61 €	62.277,43 €

15. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS

Este punto non é de aplicación ao non tratarse dunha fundación de competencia estatal.

16. OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS

As operacións con partes vinculadas derivan dos gastos percibidos polos membros da Xunta Directiva que se detallan a continuación:

Concepto	Saldo 2021	Saldo 2020
Salarios como traballadores dos membros da Xunta Directiva	25.581,08	25.357,50
Gastos por colaboración órgano goberno	4.019,21	2.521,66
TOTAIS	29.600,29	27.879,16

En relación as operacións por compra e venda as operacións son as seguintes:

Entidades vinculadas	2.021		2.020	
	Compras	Ventas*	Compras	Ventas*
HORNOS LAMASTELLE, S.A.	436,00	150,00	5.172,47	150,00
VAZQUEZ FREIRE, J.ANTONIO (CS)	3.183,82		1.986,81	
BLANCO ARAUJO, ESTHER	1.768,47		1.018,43	
CERMI GALICIA			350,00	
ARTEGALIA ECONOMIA SOCIAL S.L.		150,00	1.477,39	150,00
ANDAINA PRO SAUDE MENTAL	515,70	150,00	24,75	330,00
GALEGA DE ECONOMIA SOCIAL, S.L	4.235,00	150,00	1.158,46	3.963,75
GRAFICAS INTEGRALES COGAMI S.L		150,00	3.450,78	150,00
CONFEDERACION EMPRESARIOS DE GALICIA	2.400,00			
CIRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA	1.822,47			
FEDERAC.EMPRESA.ESPAÑ.ASOC.CEE	500,00		500,00	
FOROESGAL-ASOC.FORO P/ECON.SOC	2.040,00	9.303,80	2.000,00	7.500,00
TRAMEVE		150,00		510,00
COREGAL		150,00		150,00
COREGAL PARQUES E XARDINS		150,00		510,00
CEE AIXIÑA		150,00		150,00
EMPREGO SOCIAL	492,15	150,00		348,00
CEE PRODUCTORES DE CARNE		150,00		150,00
GALEGA DE INTEGRA-TEX		150,00		150,00
COMBINA SOCIAL		150,00		150,00
ACTIVA SOCIAL ETT		150,00		150,00
VIVEIROS VALADARES	224,00	150,00		366,00
MAIS POR VIR XESTION SOCIAL		150,00		240,00
ASOCIACION COMPOSTELA DE AUTOTAXI		150,00		150,00
ACCEDE SOCIAL		150,00		150,00
I LAB	71,80	150,00		150,00

Entidades vinculadas	2021		2.020	
	Compras	Ventas*	Compras	Ventas*
ILUNION CEE LIMPEZ E MEDIOAMBIENTE		150,00		150,00
ILUNION LAVANDERIAS		150,00		870,00
ILUNION RETAIL&COMERCIALIZACION		150,00		150,00
ILUNION CEE OUTSURCING		150,00		1.950,00
ASOCIACION INSERTA EMPLEO		150,00		150,00
ILUNION SALUD		150,00		150,00
AMBAR ACCION SOCIAL		150,00		330,00
ILUNION SERVICIOS INDUSTRIALES		150,00		510,00
ASPAMADIS		150,00		150,00
SERVILAR 2018		150,00		510,00
TALLERES TREBORE		150,00		150,00
TALLERES TREBORE JARDINERIA		150,00		150,00
ASOCIAC.EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA				108,00
ERIT-ITENERA		300,00		
MEULAR				1.080,00
COGAMI-SIAD 24-COMBINA UTE				1.512,00
UNION COOPERATIVAS ESPAZOCOOP				2.880,00
AGACA				1.440,00
TOTAL	17.689,41	14.253,80	17.139,09	27.807,75

*En relación as ventas, en xeral, tanto no 2021 como no 2020 a gran maioría se deben a cotas de asociado, e no 2020 que houbo unha operación de compra-venda 38.000uds de mascarillas hixiénicas, por mor do Covid-19, entre os asociados por un importe total de 13.644,00 euros, co fin de obter un mellor prezo de mercado.

En canto a os saldos a final de ano, quedan como sigue:

Entidades vinculadas	2.021		2.020	
	Saldo Debedor	Saldo Acredor	Saldo Debedor	Saldo Acredor
GALEGA DE ECONOMIA SOCIAL, S.L		3.146,00	3.093,75	
FOROESGAL-ASOC.FORO P/ECON.SOC			7.500,00	
VAZQUEZ FREIRE, J.ANTONIO (CS)		493,55		355,87
ARTEGALIA ECONOMIA SOCIAL S.L.				
ANDAINA PRO SAUDE MENTAL		67,32		
ILUNION SERVICIOS INDUSTRIALES				
UNION DE COOPERATIVAS ESPAZOCO				
AGACA				
HORNOS LAMASTELLE, S.A.		196,00		5.060,47
GRAFINCO				
TOTAL	0,00	3.902,87	10.593,75	5.416,34

17. OUTRA INFORMACIÓN

17.1. O número medio de empregados por categorías profesionais, e diferenciado por sexos, atendendo a nova redacción do art. 200.9 del TRLSA segundo a Disposición adicional vixésimo sexta da Lei 3/2007 é como sigue:

Ano 2021

CATEGORÍA	SEXO		%	FIXO	EVENTUAL	S/DISCAP.	C/DISCAP.
	HOMES	MULLERES					
Axente de Emprego	0,00	1,00	50,00%	1,00	0,00	0,00	1,00
Abogado/a	0,00	1,00	50,00%	0,00	1,00	1,00	0,00
Psicólogo/a	0,00	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	0,00	2,00	100,00%	1,00	1,00	1,00	1,00

Porcentaxe persoal fixo	50,00%
Porcentaxe persoal eventual	50,00%
Porcentaxe persoal s/discapacidade	50,00%
Porcentaxe persoal c/discapacidade	50,00%

Descripción	Fixos	Eventuais	Total
Traballadores de alta ao inicio	1,00	1,00	2,00
Altas durante o período	0,00	1,00	1,00
Baixas durante o período	0,00	1,00	1,00
Traballadores de alta ao final	1,00	1,00	2,00
Plantilla media discapitados >=33%	0,98	0,00	0,98
Plantilla media total	0,98	0,57	1,55

Ano 2020

CATEGORÍA	SEXO		%	FIXO	EVENTUAL	S/DISCAP.	C/DISCAP.
	HOMES	MULLERES					
Axente Emprego	0,00	1,00	33,33%	1,00	0,00	0,00	1,00
Psicóloga	0,00	1,00	33,33%	0,00	1,00	1,00	0,00
Técnica Xurídica	0,00	1,00	33,33%	0,00	1,00	1,00	0,00
TOTAIS	0,00	3,00	100,00%	1,00	2,00	2,00	1,00

Porcentaxe persoal fixo	33,33%
Porcentaxe persoal eventual	66,67%
Porcentaxe persoal s/discapacidade	66,67%
Porcentaxe persoal c/discapacidade	33,33%

Descripción	Fixos	Eventuais	Total
Traballadores de alta ao inicio	0,00	2,00	2,00
Altas durante o período	1,00	1,00	2,00
Baixas durante o período	0,00	2,00	2,00
Traballadores de alta ao final	1,00	1,00	2,00
Plantilla media discapitados >=33%	0,92	0,09	1,00
Plantilla media total	0,92	0,45	1,36

17.2. Non se produciron feitos posteriores ao peche do exercicio económico 2021 que afecten a formulación das contas anuais.

17.3. Relación de Centros especiais de emprego socios de CEGASAL

CEE ASOCIADOS 31/12/2021	
DENOMINACIÓN SOCIAL	DIRECCIÓN CENTRO
ASOCIACION AMBAR ACCION SOCIAL	C/ Carreira de San Roque , Ribeira, (A Coruña)
	Centro Sociocomunitario
	Rúa Castelao, 5 15940 A Pobra do Caramiñal
ILUNION SERVICIOS INDUSTRIALES, S.L.	C/ Redondela, 1, C.P. 32911 San Cibrao das Viñas (Ourense)
	Avd) Gran vía, 16, Vigo
ILUNION RETAIL & COMERCIALIZACIÓN, S.A.	Hospital Arquitecto Marcide (Tenda) C.P. 15405 El Ferrol (A Coruña)
	Avenida Camiño Francés, Local 149, C.P. 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
	C/ Meixoeiro, s/n, C.P. 36200 Vigo (Pontevedra)
	Estrada Clara Campoamor, 341, C.P. 36312 Vigo (Pontevedra)
ILUNION SALUD, S.A.	C/ Curramonte, 12, C.P. 15004, A Coruña
	Carretera de Catabois, 623, C.P. 15405 El Ferrol (A Coruña)
ILUNION LAVANDERÍAS, S.A.	C/ Vía Pasteur, 17 (P.I. Tambre), C.P. 15890 Santiago de Compostela (A Coruña)
ILUNION CEE LIMPIEZA Y MEDIOAMBIENTE, S.A.	C/ José Luís Bugallal Marchesi, 9, C.P. 15008 A Coruña
	Gran vía, 16, Vigo
ILUNION CEE OUTSOURCING, S.A.	C/ José Luís Bugallal Marchesi, 9, C.P. 15008 A Coruña
ASOCIACIÓN INSERTA EMPLEO	Praza de Europa 15 A -2ªplanta (CC Area Central) 15707 Santiago de Compostela
	Rúa Cantón Grande 3 1ª planta 15003 A Coruña
	C/ Gran Vía, 16, C.P. 36203 Vigo (Pontevedra)
GRAFINCO	Rúa da Luz, 4 - FINGOI, LUGO
COREGAL S.L.	Rep. Checa, 17 - Costa Vella, Santiago de Compostela
	Polígono Espiñeira, Parc. 28, Boiro, A Coruña
	C/. Titanio, D 5 - Pol. Bertoa, Carballo, A Coruña
	R/Arrieiros, H1 PG. Rio do Pozo, Ferrol, A Coruña
COREGAL PARQUES E XARDINS,S.L.	LG. A Pedra - Nantón, Cabana de Bergantiños, A Coruña
	Rúa Xesta, 73-B, P.Empr.Milladoriro , Santiago, A Coruña
	LG. A Robaleira-Abelleria, Muros, A Coruña
	LG. Ponte do gato - Rendal, Arzúa, A Coruña
HORNOS LAMASTELLE S.A	Avd/ Rosalía de Castro, 12, A Coruña
ACCEDE SOCIAL, S.L.U	Rep. Checa, 17 - Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
	Avenida do Rebullón, s/n, Puxeiros, 36416 Mos (Pontevedra).
	Hospital Rebullón, s/n Puxeiros, Mos, Pontevedra

DENOMINACIÓN SOCIAL	DIRECCIÓN CENTRO
TRATAMIENTO MED. DE VEHÍCULOS, S.L.U.	Vía La Cierva, 90 Pol. Tambre, Santiago de Compostela, A Coruña
GALEGA DE ECONOMIA SOCIAL, S.L.	Rep.CHeca, 17-P.E. Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
ARTEGALIA, S.L.U.	Lg. A robaleira - Abelleria, A Coruña
GALEGA DE INTEGRA-TEX, S.L.U.	C/ Fonteiriña, 4, Allariz, Ourense
	C/ Fonteiriña, 5, Allariz, Ourense
	C/ Real, Nº 82 Ferrol, A Coruña
AIXIÑA	c/Recaredo Paz, 1, (Finca sevilla), Ourense
	Praza Maior, 12, Ourense
ACTIVA SOCIAL E.T.T., S.L.	Rúa Dublin,3, Baixo, Santiago de Compostela, A Coruña
	PTL Valadares, Centro de Negocios oficina 3-4, 36134 Vigo (Pontevedra).
MAIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.	Centro de recursos de Nantón Lugar da Pedra, 30, Cabana de Bergantiños, A Coruña
VIVEIROS VALADARES, S.L.	Lamas de Castelo, Carnota, Lugar de Touzas, S/N, Valadares, Outes, A Coruña
EMPREGO SOCIAL, S.L. (EMSO)	Rúa das Rúas,3,Baixo Cambre, A Coruña
PRODUCTORES DE CARNE DA RIBEIRA SACRA, S.L.	Carretera de Currelos ,S/N,Monforte de Lemos, Lugo
COMBINA SOCIAL	Rúa República Checa,52, 1º, Pol. Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
ASOCIACION COMPOSTELANA DE AUTOTAXI	Praza Camilo Díaz Valiño, s/n. Estación de autobuses, 15704, Santiago de Compostela
TALLERES TRÉBORE, S.L.	Polígono de Pocomaco, Quinta Avenida Nº 91, 15190, A Coruña
TRÉBORE JARDINERÍA, S.L.	Calle Curros Enríquez, 120, San Cosme de Maianca, Mera, Oleiros 15177
ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL EMPREGO SLU	Lugar de Vigo,138, Dodro, A Coruña, CP:15981
ASPAMADIS SL	Ribeiriño, Nº8, 6ºI, Ourense
SERVILAR	Rúa Muíño novo, Nº3, Vilagarcía
ERIT-ITINERA	C/república argentina, 22, 5º izq, Santiago de Compostela
I-LAB	C/Rafael ALberti,10, Bajo, A Coruña 15008.
C.E.E. PRODUCTORES DE CARNE RIBEIRA SACRA	Estrada Currelos, As Lamas, Monforte de Lemos 27.400 Lugo

17.4. Liquidación do orzamento do ano 2021

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ASOCIACIÓN CEGASAL - EXERCICIO 2021

Epígrafes	Gastos orzamentarios			Epígrafes	Ingresos orzamentarios		
	Orzamento	Realización	Desviación		Orzamento	Realización	Desviación
OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO				OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO			
1. Axudas monetarias e outros. . . .	5.500,00 €	7.455,21 €	-1.955,21 €	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	133.448,96 €	130.856,47 €	2.592,49 €
a) Axudas monetarias		3.436,00 €	-3.436,00 €	a) Cuotas de usuarios e afiliados	4.800,00 €	4.950,00 €	-150,00 €
b) Gastos por colaboración do órgano do goberno	5.500,00 €	4.019,21 €	1.480,79 €	b) Ingresos de promocións, colab..	16.500,00 €	14.803,80 €	1.696,20 €
d) Reintegro de subvencións				c) Subvenc., doaz.e legados imputados ó rtdo do exercicio	112.148,96 €	111.102,67 €	1.046,29 €
2. Compras de bens destinados á actividade		988,10 €	-988,10 €	2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade			
3. Gastos de persoal. . .	53.392,00 €	62.250,03 €	-8.858,03 €	3. Outros ingresos			
4. Servicios externos para a actividade propia		14.950,00 €	-14.950,00 €	4. Subvenc., doaz., e legados de capital traspas.rtdo exercicio			
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	759,87 €	642,96 €	116,91 €	5. Beneficio procedente inmovilizado material			
6. Outros gastos	72.076,31 €	41.312,12 €	30.764,19 €	6. Ingresos financeiros		63,55 €	-63,55 €
7. Variación das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables			0,00 €	7. Ingresos excepcionais			
8. Gastos financeiros e gastos asimilados	600,00 €	181,05 €	418,95 €				
9. Gastos excepcionais		53,03 €	-53,03 €				
10. Imposto sobre sociedades							
Total gastos en operacións de funcionamento	132.328,18 €	127.832,50 €	4.495,68 €	Total ingresos en operacións de funcionamento	133.448,96 €	130.920,02 €	2.528,94 €

**17.5. Orzamento do ano 2022**

ORZAMENTO CEGASAL PARA O EXERCICIO 2022			
EPÍGRAFES	GASTOS ORZAMENTARIOS	EPÍGRAFES	INGRESOS ORZAMENTARIOS
OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO		OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	
1, Axudas monetarias e outros	6.500,00	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	143.918,85
a) Axudas monetarias	0,00	a) Cotas de usuarios e afiliados	4.800,00
b) Gastos por colaboracións e do órgano do goberno	6.500,00	b) Ingresos de promocións, patroc.	26.700,00
2. Compras de bens destinados á actividade		c) Subvencións, doazóns e legados imput.exced.exerc.	112.418,85
3. Gastos de persoal	66.998,64		
4. Servicios externos para a actividade propia	14.950,00	2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	0,00
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	602,90	3. Outros ingresos	
6. Outros gastos	52.240,27	4. Ingresos financeiros	
7. Variacións das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables		5. Ingresos excepcionais	
8. Gastos financeiros e gastos asimilados	600,00		
9. Gastos excepcionais			
10. Imposto sobre sociedades			
TOTAL GASTOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	141.891,81	TOTAL INGRESOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	143.918,85

ANEXOS

CONTAS ANUAIS EXERCICIO ECONÓMICO 2021:

- **Anexo I: BALANCE ABREVIADO 2021**
- **Anexo II: CONTA DE PERDAS E GANANCIAS
ABREVIADA 2021**